

Memoria sobre o tratamento da información e alegacións recibidas no proceso de consulta pública sobre medidas de apoio de cobertura de telefonía móbil en zonas rurais de Galicia

INTRODUCCIÓN

Galicia é unha das rexións máis rurais de España que, a pesar de ter unha cobertura móbil do 98% da poboación de Galicia, aínda existen territorios nos que non é posible acceder a servizos de telefonía móbil (zonas rurais illadas e espazos naturais), un servizo esencial necesario para o acceso aos servizos de emerxencia, como o teléfono 112 ou o sistema de chamada de emerxencia de automóbiles eCall, e reduce o illamento no que se ven inmersas as zonas máis rurais.

Para resolver estas carencias e facilitar a prestación destes servizos, a Xunta de Galicia propónse a execución de medidas de apoio para dotar de cobertura de telefonía móbil en zonas rurais e illadas que carecen da devandita cobertura, é dicir, zonas nas que non se poden realizar actualmente chamadas de voz con redes de telefonía móbil con ningún operador.

Tras unha primeira fase na que as entidades locais identificaron máis de 1.000 zonas con posibles problemas de cobertura, levouse a cabo un proceso de verificación de cobertura, dando como resultado unha lista de zonas con problemas de cobertura de telefonía móbil.

Propónse levar a cabo unha convocatoria de axudas en réxime de concorrencia competitiva dirixida a operadores de telefonía móbil para a cobertura das zonas sen cobertura, que se vería complementada coa construción de infraestruturas de soporte públicas (torres e casetas) naqueles casos nos que resultase preciso para a prestación destes servizos.

Con data 19 de novembro de 2020 iniciouse un proceso de consulta pública no que se solicitaba a opinión dos suxeitos e organizacións potencialmente afectadas por esta medida ao respecto de:

- A existencia ou non de plans de despregamento, por parte dos operadores de telefonía móbil, que puidesen mellorar a cobertura nas zonas identificadas, de cara a establecer as zonas obxectivo da proposta de medida.
- Solicitar as observacións que se estimasen oportunas sobre a proposta de medida.

A consulta pública estivo aberta ata o pasado 10 de decembro de 2020, téndose recibido 8 achegas que se analizan de seguido.



ANÁLISE DE RESPOSTAS Á CONSULTA

1. Concello de Pereiro de Aguiar

Manifesta a súa non conformidade co resultado das comprobacións relativas aos núcleos pertencentes á Parroquia de San Cibrao de Covas e alega que:

- 320580201 CASTRO DE COVAS: tanto os veciños como os técnicos municipais veñen constatando dende fai tempo dificultades de comunicación e cobertura en dito núcleo de forma reiterada.
- 320580204 LOÑOÁ: tanto os veciños como os técnicos municipais veñen constatando dende fai tempo dificultades de comunicación e cobertura en dito núcleo de forma reiterada.
- 320580206 TOMBO (O): tanto os veciños como os técnicos municipais veñen constatando dende fai tempo dificultades de comunicación e cobertura en dito núcleo de forma reiterada.

Solicita que se revisen as comprobacións e se realicen as actuacións necesarias para solucionar as demandas dos veciños e veciñas destes núcleos con 353 habitantes con dificultades para acceder as comunicacións móbiles, comprobadas polos técnicos municipais e a propia alcaldía en multitude de ocasións.

Alegación non estimada.

Revisadas as medidas realizadas no proceso de verificación de cobertura, constátase o seguinte:

- Que as medidas se realizaron nos lugares correctos, cun total de 5 puntos de medida, considerándose suficientemente representativas da cobertura nas zonas demandadas na parroquia de San Cibrao de Covas.
- Que, entendendo que a cobertura nestas zonas é mellorable, nos termos desta actuación non pode ser considerada unha zona sen cobertura, polos seguintes motivos:
 - En 3 dos puntos de medida foi posible realizar chamada de voz con éxito coas redes de 3 operadores diferentes, en concreto con Movistar, Orange e Vodafone. Nos outros 2 puntos foi posible realizar chamada con éxito coas redes de 2 destes operadores.
 - Fixéronse 2 probas de test de velocidade de descarga de datos en cada un dos puntos de medida, de cara a verificar a estabilidade da cobertura, comprobándose que en tódolos casos se obtiñan velocidades uplink dun mínimo de 0,5Mbps con cando menos un operador. Nun dos puntos de medida este valor foi superado coas redes de 2 operadores e noutro punto de medida coas redes dos 3 operadores anteriormente mencionados.

2. Particular

Solicita que se inclúan outras entidades de poboación entre as entidades obxectivo, en concreto: 270280204-MATELO, 270285401-ASTARIZ, 270285402-CARBALLIDO, 270285403-REAL (O), 270285405-VERAL (O) e 270285410-SANTO MATÍAS (O).



Tamén solicite que se fixe como tecnoloxía de mínimos o 4G+, que se teña en conta na valoración a mellora de cobertura de datos respecto á situación actual e se reduza o prazo de execución o máximo posible (antes do 31 de outubro de 2022).

Alegacións non estimadas.

No que respecta ás entidades de poboación demandadas é preciso destacar que no procedemento establecido para a consideración das entidades obxectivo, son os concellos os responsables de recompilar esta información e tramitar a solicitude de inclusión das entidades de poboación mediante a adhesión ao convenio suscrito entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias. O prazo para tramitar esta solicitude rematou o pasado mes de Febreiro de 2020. No caso concreto das entidades demandadas, destacar que se corresponden co concello de Lugo, que si se adheriu ao citado convenio, pero non considerou estas entidades de poboación como con deficiencias de cobertura de telefonía móbil para a realización de chamadas de voz, razón pola que non foron obxecto das medidas de comprobación de cobertura e non poden ser por tanto consideradas nesta primeira convocatoria.

No que respecta ás consideracións relativas a fixar como tecnoloxía mínima o 4G+ ou incluír nos criterios de valoración a mellora no servizo de datos, compre destacar que se trata dunha actuación orientada á prestación do servizo de voz a través de terminais de telefonía móbil estándar, non podendo por tanto ser obxecto de valoración aspectos que non teñen que ver coas necesidades obxectivo, nin limitar a tecnoloxía a empregar tendo en conta criterios alleos ao obxectivo da actuación. É preciso ademais destacar que, para a mellora da cobertura do servizo de datos, existen actualmente outros programas de axudas a nivel Estatal e Autonómico.

Alegación parcialmente estimada.

En canto á redución no prazo de execución, considerase oportuno considerar a celeridade no despregamento como un aspecto de valoración das propostas. En todo caso, tendo en conta a posible necesidade de execución de novas infraestruturas e acometidas eléctricas, e os prazos de tramitación e execución que isto comporta, non parece oportuno reducir previamente o prazo máximo de execución, que por contra podería limitar a presentación de propostas nas zonas con maior complexidade.

3. Concello de Entrimo

Manifesta a súa non conformidade co resultado das medidas de deficiencia de cobertura realizadas, indicando que os veciños desas poboacións manifestan que non hai a cobertura de telefonía móbil que se indica.

Tamén indica que hai zonas que se propuxeron con deficiencias de cobertura e non foron analizadas.

Alegacións non estimadas.

Revisadas as medidas realizadas no proceso de verificación de cobertura, conséntase o seguinte:



- Que as medidas se realizaron nos lugares correctos, cun total de 16 puntos de medida, considerándose suficientemente representativas da cobertura nas zonas demandadas.
- Que, entendendo que a cobertura nestas zonas é mellorable, nos termos desta actuación non pode ser considerada unha zona sen cobertura, polos seguintes motivos:
 - En 13 dos puntos de medida foi posible realizar chamada de voz con éxito coas redes de 3 operadores diferentes, en concreto con Movistar, Orange e Vodafone. Noutros 2 puntos foi posible realizar chamada con éxito coas redes de 2 destes operadores, e só nun punto coa rede dun único operador.
 - Fixéronse 2 probas de test de velocidade de descarga de datos en cada un dos puntos de medida, de cara a verificar a estabilidade da cobertura, comprobándose que en tódolos casos se obtiñan velocidades uplink dun mínimo de 0,5Mbps con cando menos un operador. En 9 dos puntos de medida este valor foi superado coas redes de 2 operadores e en 4 puntos de medida coas redes dos 3 operadores anteriormente mencionados.

Respecto das zonas analizadas, verifícase que se fixeron comprobacións de cara a verificar a cobertura nas 8 entidades de poboación demandadas: TERRACHÁ (A), ILLA (A), LANTEMIL, OLELAS, BOUZADRAGO, PEREIRA, QUEGUAS e VENCEÁNS.

4. Concello de Ouroi

Manifesta a súa non conformidade co resultado das medidas de deficiencia de cobertura realizadas, e solicita unha nova verificación nas zonas indicadas nas que se incorreu nos seguintes erros:

- Lugar: INE9-COD_ESP: 270380529, Os Pazos, parroquia Miñotos. Non se realizou a verificación de cobertura no lugar indicado. Realizouse noutro lugar (O Pazo).
- Lugar: INE9-COD_ESP: 270380709 Lombao, parroquia O Sisto. Se realizou a verificación de cobertura a 40 metros das vivendas, en concreto nun garaxe non habitado.
- Lugar: INE9-COD_ESP: 270380705 Carrusco, parroquia O Sisto. Non se realizou a verificación de cobertura.
- Lugar: INE9-COD_ESP: 270380713 A Rega, parroquia O Sisto. Non se realizou a verificación de cobertura.

Alegacións parcialmente estimadas.

Revisadas as medidas realizadas verifícase que se realizaron na poboación 270380528 - PAZO (O), en troques de na poboación de 270380529 - PAZOS (OS).

Confírmase por tanto o erro, derivado de que ambas poboacións se localizan na mesma parroquia e que a poboación de PAZOS (OS) aparece identificada nos propios carteis da entidade como CAXOTO.

Por tanto, estimase a alegación relativa a esta entidade de poboación e considerase preciso verificar a cobertura nesa entidade de poboación e a existencia ou non de plans de despregamento que puidesen mellorar a cobertura de telefonía móbil.



Con respecto as medidas realizadas na contorna das entidades de poboación de LOMBAO, CARRUSCO (O) e REGA (A), e tendo en conta as características da zona (orografía e distancia entre as poboacións) e a súa influencia na propagación radioelétrica, considerase que as medidas realizadas son suficientemente representativas da cobertura nesas tres entidades de poboación, non sendo preciso realizar novas medidas de cobertura e desestimándose as alegacións relativas a estas tres entidades de poboación.

5. Concello de Curtis

Indica 3 novas entidades de poboación que deberían ser incluídas, por non dispoñer de cobertura: MERELAS, GODULFES e CODESO.

Alegación non estimada.

Revisada a documentación dispoñible neste proxecto de actuación, verifícase que estas entidades de poboación non están entre as indicadas polo concello de Curtis na documentación enviada o pasado 7 de febreiro de 2020, polo que non foron obxecto de análise e medición de cobertura.

Tendo en conta o procedemento establecido para a posta en marcha desta medida, estas entidades de poboación non poden ser incluídas na actual convocatoria.

6. Telefónica España

O operador Telefónica España presenta as súas alegacións, nas que se reflexa o seguinte:

- Inclúe un ficheiro coa totalidade das entidades de poboación obxecto da consulta nas que se indican 90 que si se consideran cubertas pola súa parte con redes 3G, cunha porcentaxe de cobertura superior ao 85%.
- Destaca na súa resposta os seguintes aspectos, para a súa consideración na proposta de actuación:
 - Que sería preciso establecer unha delimitación clara das zonas de actuación tendo en conta os datos de cobertura de tódolos operadores baixo criterios uniformes.
 - Que sería preciso facer un plantexamento prospectivo sobre a provisión dos servizos de voz en redes móbiles que se van a prestar tanto de forma conmutada (2G/3G) como a través doutras tecnoloxías como VoLTE (4G).
 - Que o “Plan de Conectividad” recentemente aprobado polo Goberno de España ten entre os seus obxectivos unha cobertura integral de Banda Ancha Móbil de 30 Mb/s no 100% da poboación.

Tamén indica que a información de cobertura aportada xa foi reportada á Secretaría de Estado de Telecomunicaciones e Infraestructuras Digitales.

Alegacións estimadas.

Revisadas as medidas de cobertura realizadas nas 90 entidades de poboación nas que Telefónica España indica que dispón de cobertura, verifícase que en tódolos casos fixéronse comprobacións da cobertura con este operador dando resultados insatisfactorios e, en todo caso, moi por baixo dos niveis de cobertura reportados polo operador.



En todo caso, e co obxectivo de non afectar á competencia, é preciso eliminar estas 90 entidades de poboación das entidades obxectivo desta actuación, sendo en todo caso preciso realizar unha comprobación posterior co operador para o contraste da información de cara á súa consideración para futuras actuacións.

Respecto aos aspectos destacados na resposta, compre destacar que nesta actuación xa se están a delimitar as zonas tendo en conta a cobertura conxunta de tódolos operadores de telefonía móbil, tanto nas medicións realizadas previamente como nas respostas recibidas a esta consulta pública, á que responderon os 3 operadores con presenza de redes de telefonía móbil en Galicia.

Igualmente, estanse a ter en consideración os plans de despregamento dos operadores, en resposta á presente consulta pública.

Respecto á existencia do “Plan de Conectividad”, destacar que a Xunta de Galicia tamén é coñecedora do mesmo, pero non se ten constancia dun plan de actuación concreto no que se indiquen as zonas a cubrir, non tendo tampouco recibido información nin do Goberno de España, nin dos operadores relativa a previsións de actuación nas zonas obxectivo, polo que non detecta ningunha posible afección.

En todo caso, para unha correcta coordinación das actuacións, a Xunta de Galicia informará debidamente ao Goberno de España da posta en marcha de esta actuación cos obxectivos concretos, así como á Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia (CNMC).

7. Vodafone Spain

O operador Vodafone Spain presenta as súas alegacións, nas que se reflexa o seguinte:

- Detalla 9 entidades de poboación nas que considera que, segundo a información da que dispoñen, o nivel de sinal existente debería ser suficiente para manter comunicacións de voz de boa calidade.
- Indica que non ten previsto ningún plan de ampliación de cobertura nestas zonas a curto/medio prazo.

Alegación estimada.

Revisadas as medidas de cobertura realizadas nas 9 entidades de poboación nas que Vodafone Spain indica que dispón de cobertura, verificase que en tódolos casos fixéronse comprobacións da cobertura con este operador dando resultados insatisfactorios e, en todo caso, moi por baixo dos niveis de cobertura reportados polo operador.

En todo caso, e co obxectivo de non afectar á competencia, é preciso eliminar estas 9 entidades de poboación das entidades obxectivo desta actuación, sendo en todo caso preciso realizar unha comprobación posterior co operador para o contraste da información de cara á súa consideración para futuras actuacións.



8. Orange

O operador Orange responde á consulta indicando que non teñen ningún plan previsto de mellora de cobertura nas zonas recollidas na consulta.

Sen alegacións.

Non se reciben alegacións a considerar.



ANÁLISE DE RESPPOSTAS Á CONSULTA (2ª CONSULTA)

Como resultado das alegacións recibidas relativas á entidade de poboación de 270380529 - PAZOS (OS) no concello de Oourol, non incluída no listado obxecto da consulta pública, con data 14/12/2020 realízanse medidas de verificación de cobertura, certificando a problemática existente nesta entidade de poboación e podendo por tanto formar parte da lista de zonas con problemas de cobertura de telefonía móbil.

Tamén con data 14/12/2020 envíase un correo electrónico a tódolos operadores que responderon a esta consulta, en concreto Telefónica España, Vodafone Spain e Orange, preguntando por esta entidade de poboación en concreto:

Buenos días

Analizadas las respuestas recibidas a la “Consulta pública sobre medidas de apoyo de cobertura de telefonía móvil en entornos rurales de Galicia” se ha constatado que, debido a un error, no figuraba en el listado publicado en la consulta pública una entidad del Concello de Oourol en la cual se ha puesto de manifiesto la existencia de problemas de cobertura: 270380529 - PAZOS (OS)

*Siendo uno de los operadores que ha participado en esta consulta, el objetivo de este correo es solicitarle una respuesta complementaria a la consulta pública en relación a esta entidad de población en concreto, es decir, **conocer la existencia, o no, de planes de despliegue creíbles a realizar en los próximos 3 años que pudiesen mejorar la cobertura de telefonía móvil, permitiendo prestar servicios de voz, en la entidad de población de 270380529 - PAZOS (OS).***

Las respuestas a esta consulta deberán remitirse a través del correo electrónico sociedade-dixital.amtega@xunta.gal, indicando en el asunto RESPUESTA A CONSULTA PÚBLICA MEDIDAS APOYO COBERTURA TELEFONÍA MÓVIL.

Reciban un cordial saludo.

Con datas 14/12/2020 e 15/12/2020 recíbense respostas dos operadores Vodafone Spain e Telefónica España, respectivamente.

9. Vodafone Spain

O operador Vodafone Spain presenta as súas alegacións, nas que se reflexa o seguinte:

- Indica que, segundo a información de que dispoñen, a cobertura en exteriores debería de ser boa/media.
- Indica que non ten previsto ningún plan de ampliación de cobertura nesta zona a curto/medio prazo.



Alegación estimada.

Revisadas as medidas de cobertura realizadas nesta entidade de poboación, verificase que se fixeron comprobacións da cobertura con este operador dando resultados insatisfactorios.

En todo caso, e co obxectivo de non afectar á competencia, é preciso eliminar esta entidade de poboación das entidades obxectivo desta actuación, sendo en todo caso preciso realizar unha comprobación posterior co operador para o contraste da información de cara á súa consideración para futuras actuacións.

10. Telefónica España

O operador Telefónica España presenta a súa resposta, actualizando o ficheiro presentado coa totalidade das entidades de poboación obxecto da consulta, incluíndo a poboación de PAZOS (OS), que considera cuberta pola súa parte con redes 3G, cunha porcentaxe de cobertura superior ao 85%.

Alegación estimada.

Revisadas as medidas de cobertura realizadas nesta entidade de poboación, verificase que se fixeron comprobacións da cobertura con este operador dando resultados insatisfactorios e, en todo caso, moi por baixo dos niveis de cobertura reportados polo operador.

En todo caso, e co obxectivo de non afectar á competencia, é preciso eliminar esta entidade de poboación das entidades obxectivo desta actuación, sendo en todo caso preciso realizar unha comprobación posterior co operador para o contraste da información de cara á súa consideración para futuras actuacións.



RESULTADO DO PROCESO DE CONSULTA PÚBLICA

Como resultado da consulta pública non se considera preciso realizar ningunha modificación na proposta de medida que se describe no ANEXO II da consulta pública, non sendo incidir na necesidade de:

- Ter en consideración a celeridade no despregamento como un dos aspectos a valorar nas propostas recibidas.
- Establecer as zonas obxectivo tendo en conta tanto a cobertura conxunta de tódolos operadores de telefonía móbil como os seus plans de despregamento.
- Solicitar informe á Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia (CNMC) sobre esta medida.
- Informar da posta en marcha de esta actuación ao Goberno de España, para unha correcta coordinación das actuacións.

Como resultado da consulta pública considerase preciso realizar as seguintes modificacións nas zonas obxecto da medida, incluídas no ANEXO I da consulta pública:

- Se eliminan 95 poboacións, que a continuación se detallan, por contar xa con cobertura, segundo as respostas recibidas por parte dos operadores Telefónica e Vodafone:

INE9	NOME ESP	PROVINCIA	CONCELLO	HABITANTES (INE 2019)
150140201	BORNEIRO	A CORUÑA	CABANA DE BERGANTIÑOS	22
150140503	BELLO	A CORUÑA	CABANA DE BERGANTIÑOS	28
150140701	BERES	A CORUÑA	CABANA DE BERGANTIÑOS	81
150140703	LEAS	A CORUÑA	CABANA DE BERGANTIÑOS	37
150140706	CAJENLA	A CORUÑA	CABANA DE BERGANTIÑOS	5
150150404	COSTA	A CORUÑA	CABANAS	15
150150604	MARTICES	A CORUÑA	CABANAS	25
150230604	ESTORDE	A CORUÑA	CEE	131
150561508	VILAR	A CORUÑA	NEGREIRA	31
150590107	CARBALLEIRA	A CORUÑA	ORDES	13
150620102	CANDO DE ARRIBA	A CORUÑA	OUTES	104
150620611	LANTAROU	A CORUÑA	OUTES	96
150621014	XENDIL	A CORUÑA	OUTES	27
150740407	PENAVIDE	A CORUÑA	ROIS	27
150851002	FOXÁS DE ABAIXO	A CORUÑA	TOURO	64
270071403	VILA (A)	LUGO	BEGONTE	12
270110702	TRASORRAS	LUGO	CASTROVERDE	26
270111801	MIRANDELA	LUGO	CASTROVERDE	39
270112304	PÁRAMO	LUGO	CASTROVERDE	18
270182101	PROBA DE BURÓN (A)	LUGO	FONSAGRADA (A)	101
270231201	CANCELA DE SIXAOS	LUGO	GUNTÍN	34
270250304	CARBALLO (O)	LUGO	XOVE	18
270260202	BANDE SUSAO	LUGO	LÁNCARA	20



INE9	NOME ESP	PROVINCIA	CONCELLO	HABITANTES (INE 2019)
270260208	FORXA (A)	LUGO	LÁNCARA	2
270260305	FUXÓN	LUGO	LÁNCARA	4
270260502	VIGO DE GALEGOS	LUGO	LÁNCARA	45
270260702	ARMEA DE ABAIXO	LUGO	LÁNCARA	20
270260706	LAMA	LUGO	LÁNCARA	13
270260707	ROXEDOIRO (O)	LUGO	LÁNCARA	25
270260802	VAOS (OS)	LUGO	LÁNCARA	20
270260803	ESCANLAR	LUGO	LÁNCARA	5
270261202	SAN PAIO	LUGO	LÁNCARA	18
270261802	AIXOR	LUGO	LÁNCARA	7
270262101	EIREXE (A)	LUGO	LÁNCARA	12
270262103	CHAOS (OS)	LUGO	LÁNCARA	7
270262104	PALACIO	LUGO	LÁNCARA	9
270262106	SEOANE DE ARRIBA	LUGO	LÁNCARA	17
270284801	ALLARIZ	LUGO	LUGO	5
270284803	SAN ROMÁN	LUGO	LUGO	19
270284901	BURNEIROS	LUGO	LUGO	5
270403205	PUXEDA (A)	LUGO	PALAS DE REI	9
270404305	PURICELAS	LUGO	PALAS DE REI	16
270410518	SERPENTIÑA (A)	LUGO	PANTÓN	8
270410522	XESTEIRA (A)	LUGO	PANTÓN	3
270412319	TOIRIZ	LUGO	PANTÓN	158
270412413	TOIRIZ	LUGO	PANTÓN	26
270490302	DÓNEGO	LUGO	PORTOMARÍN	13
320070204	OUTEIRO	OURENSE	BAÑOS DE MOLGAS	8
320070207	SANTA EUFEMIA	OURENSE	BAÑOS DE MOLGAS	26
320070404	GUEDA	OURENSE	BAÑOS DE MOLGAS	14
320140604	MAMOELAS (AS)	OURENSE	BOLA (A)	20
320140812	VEIGA (A)	OURENSE	BOLA (A)	50
320390404	NAVEAUS	OURENSE	LAZA	19
320450301	BOLO	OURENSE	MASIDE	56
320450307	GARABÁS	OURENSE	MASIDE	54
320580202	CEBREIROS	OURENSE	PEREIRO DE AGUIAR (O)	149
320710203	MOURISCO (O)	OURENSE	RIÓS	25
320710205	VEIGA DO SEIXO (A)	OURENSE	RIÓS	33
320740202	FIGUEIREDO (O)	OURENSE	SAN AMARO	13
320740705	FERRADAL	OURENSE	SAN AMARO	4
320740709	OUTEIRO	OURENSE	SAN AMARO	1
320740710	PALLOTA (A)	OURENSE	SAN AMARO	17
360070208	ROZAS	PONTEVEDRA	CAMPO LAMEIRO	23
360090303	BALDOI	PONTEVEDRA	CAÑIZA (A)	3
360090305	CAMPO	PONTEVEDRA	CAÑIZA (A)	4
360090313	COTAS	PONTEVEDRA	CAÑIZA (A)	4
360090315	COTOS DO MUÍÑO	PONTEVEDRA	CAÑIZA (A)	4
360090316	CHOZA	PONTEVEDRA	CAÑIZA (A)	24



INE9	NOME ESP	PROVINCIA	CONCELLO	HABITANTES (INE 2019)
360090321	XUNQUEIRAS	PONTEVEDRA	CAÑIZA (A)	30
360090323	PORTO	PONTEVEDRA	CAÑIZA (A)	4
360090329	TOXEIRA	PONTEVEDRA	CAÑIZA (A)	2
360090331	TROVISCA	PONTEVEDRA	CAÑIZA (A)	27
360090404	IGREXA	PONTEVEDRA	CAÑIZA (A)	23
360090507	CASAVELLA	PONTEVEDRA	CAÑIZA (A)	4
360090516	FRAGUAS	PONTEVEDRA	CAÑIZA (A)	17
360090536	TOUREDO	PONTEVEDRA	CAÑIZA (A)	10
360090537	VILARIÑO	PONTEVEDRA	CAÑIZA (A)	4
360130901	CONGOSTRA	PONTEVEDRA	COVELO	35
360130903	CURRELOS	PONTEVEDRA	COVELO	25
360130904	CUSTEU	PONTEVEDRA	COVELO	12
360130905	PAREDES	PONTEVEDRA	COVELO	40
360131402	ALDEA DE ARRIBA	PONTEVEDRA	COVELO	42
360210703	BATIZOSA	PONTEVEDRA	GONDOMAR	51
360210710	GULFAR	PONTEVEDRA	GONDOMAR	45
360211005	FIGUEIRÓ	PONTEVEDRA	GONDOMAR	63
360211012	SALGUEIRO (O)	PONTEVEDRA	GONDOMAR	110
360320301	MUÍÑO (O)	PONTEVEDRA	MORAÑA	8
360320303	SAN MARTIÑO	PONTEVEDRA	MORAÑA	27
360320601	CERDEIRAS (AS)	PONTEVEDRA	MORAÑA	20
360470402	AZ	PONTEVEDRA	RODEIRO	22
360470407	VILAMEÁ	PONTEVEDRA	RODEIRO	7
360471104	RUBIÁS	PONTEVEDRA	RODEIRO	10
360471303	CORROLIÑO	PONTEVEDRA	RODEIRO	22
360471309	SANTA MARIÑA	PONTEVEDRA	RODEIRO	10
360560408	MARTORES (OS)	PONTEVEDRA	VALGA	76

O xerente da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

José Luis Somoza Digón

